

DECRETO NÚMERO 125/2009 DO LIBRO DE RESOLUCIÓNS EN MATERIA DE CONTRATACIÓN E PATRIMONIO DICTADAS POLA TENENTA DE ALCALDE DE ÁREA.

Ilma. Sra. dona Sonia Méndez García, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía e Emprego.

Lugo, 25 de febreiro de 2009

Instruído o expediente relativo a: **CONTRATACIÓN DA OBRA DA CASA PARA DISCAPACITADOS (FONDO ESTATAL DE INVESTIMENTO LOCAL) 09FEIL45. APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO , ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO E TRAMITACION URXENTE. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN**

Examinado o expediente e visto:

1.- Informe proposta do Servizo de Contratacion, Patrimonio e Fomento, do día 17 de febreiro de 2009, que na parte expositiva establece:

“ANTECEDENTES

I.- Resolucion da Secretaría de Estado de cooperacion Territorial de data 27 de xaneiro de 2009 (nº de rexistro telemático 20090127163523) pola que se aproba a realización da obra “Casa para discapacitados” con cargo ó Fondo Estatal de investimento local regulado por Real Decreto-Ley 9/2008 de 28 de novembro.

I. Proxecto básico e de execución da obra “Casa para discapacitados” redactado polos arquitectos D. Benigno Jáuregui Fernández e D. Francisco García del Río.

II. Informe de Intervención de data 28 de xaneiro de 2009 no que se pon de manifesto, entre outros aspectos, a existencia de crédito adecuado e suficiente na partida 3230.62211 do Presuposto de 2009 para a cantidade de 599.488 euros.

III. Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá na contratación das obras de referencia redactado polo servizo de contratación do Concello con data 17 de febreiro de 2009

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJPAC).
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Real decreto 39/97 do 17 de xaneiro sobre regulamentación dos servizos de Prevención.
- Real decreto 486/97 do 14 de abril sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.
- Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.
- Real Decreto-Lei 9/2008, de 28 de Novembro polo que se crea o Fondo Estatal de Inversión Local e un Fondo Especial do Estado para a Dinamización da Economía e o Emprego e aproba créditos extraordinarios para atender a súa financiación.
- Resolución de 9 de decembro de 2008 da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial (B.O.E 10 de decembro de 2008)
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira. O presente contrato pode ser cualificado como un contrato de obras, que segundo o artigo 6 da LCSP serían aqueles “que teñen por obxecto a realización dunha obra ou a execución dalgún dos traballos enumerados no Anexo I ou a realización por calquera medio dunha obra que responda ás necesidades especificadas pola entidade do sector público contratante”: O obxecto do presente contrato é a realización das obras “Casa para discapacitados”

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/jlgn

Refª: DECRETO APROBACION PREGO CASA DISCAPACITADOS.doc

Asunto:

Segunda. O prego de condicións elaborado para disciplinar a licitación e o contrato recolle as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Contén, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto nos artigos 99 da LCSP e 67.3 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O procedemento de adxudicación elixido é o aberto, previsto e regulado polos artigos 122, 141 e seguintes da LCSP. Os criterios de adxudicación recollidos no prego respectan, a criterio deste servizo, os principios de obxectividade e proporcionalidade esixidos pola LCSP.

Terceira.- De conformidade co artigo 9 do Real Decreto-Ley 9/2008 a contratación das obras financiadas ó abeiro do dito real Decreto-Ley terán a consideración de urxente ós efectos previstos no artigo 96 da LCSP. Asimesmo aplicarase as regras previstas no dito artigo 9º.

Cuarta.- En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente da contratación de referencia, de acordo 24/1174 da Xunta de Goberno Local de data 3 de decembro de 2008 é competente a Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía e emprego, por delegación da Xunta de Goberno Local para a aprobación de proxectos de obras públicas, expedientes de contratación, autorizacións e compromisos de gastos, adxudicacións provisionais e definitivas e medidas para a axilización da tramitación dos procedementos de contratación derivados de actuacións que se financien con cargo ó Fondo de Investimento Municipal Creado por Real Decreto Lei do Consello de Ministros.”

2.- Informe da Asesoría Xurídica do día 20 de febreiro de 2009, mediante o cal presta a súa conformidade ó anterior informe proposta.

3.- Informe da Intervención Municipal, do día 23 de febreiro de 2009, referencia 117/2009 09FEIL45 FASE A, relativo á fiscalización da fase de autorización do gasto do presente expediente.

Por todo o anteriormente, e no uso das atribución conferidas á Tententa de Alcalde Delegada da área de Economía e Emprego en virtude do acordo 24/1174 da Xunta de Goberno Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a CONTRATACIÓN DA OBRA DA CASA PARA DISCAPACITADOS cun presuposto de 599.488 euros, así como a tramitación de urxencia.

SEGUNDO.- Aprobar o proxecto técnico e o prego de cláusulas administrativas particulares de data 17 de febreiro de 2009 que rexerán a obra de referencia. Dito prego de cláusulas administrativas ten o seguinte teor literal:

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ NA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE CASA PARA DISCAPACITADOS (FONDO ESTATAL DE INVESTIMENTO LOCAL)

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONTRATO

É obxecto do presente contrato a realización das obras de “Casa para discapacitados”, segundo o proxecto técnico elaborado polos técnicos D. Benigno Jáuregui Fernández e D. Francisco García del Río.

CNAE-2009: 41.21 construcion de edificios residenciais

CPV: 45215200-9 Traballos de construción de edificios para servizos sociais

SEGUNDA.- NECESIDADES ADMINISTRATIVAS A SATISFACER MEDIANTE O CONTRATO.

Mediante a execución do contrato a que se refire este Prego de cláusulas administrativas particulares se satisface a seguinte necesidade:

Construir un edificio con cinco vivendas, local e garaxes para persoas con discapacidade.

TERCEIRA.- NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO.

Trátase dun contrato de obras, recollido e regulado nos artigos 6, 105 e seguintes e 212 e seguintes da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público e que ten por obxecto concretamente a realización das obras de Casa para discapacitados.

Para a lexislación aplicable deberán terse en conta as seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/jlgn

Refª: DECRETO APROBACION PREGO CASA DISCAPACITADOS.doc

Asunto:

- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJPAC).
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Real decreto 39/97 do 17 de xaneiro sobre regulamentación dos servizos de Prevención.
- Real decreto 486/97 do 14 de abril sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.
- Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.
- Real Decreto-Lei 9/2008, de 28 de Noviembre polo que se crea o Fondo Estatal de Inversión Local e un Fondo Especial do Estado para a Dinamización da Economía e o Emprego e aproba créditos extraordinarios para atender a súa financiación.
- Resolución de 9 de decembro de 2008 da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial (B.O.E 10 de decembro de 2008)
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

O órgano de contratación, conforme o disposto no artigo 194 da LCSP e dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados nese texto legal e no resto da lexislación vixente, ostenta as prerrogativas de interpretar o contrato administrativo, resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acadar a súa resolución e determinar os efectos da mesma. Expresamente faise constar que no caso de existir algunha discrepancia entre os pregos de prescricións técnicas e o previsto no presente prego de cláusulas administrativas, prevalecerá este último.

Ademáis do presente prego, terán carácter contractual os seguintes documentos:

- O prego de prescricións técnicas.
- Os planos.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/jlgn

Refª: DECRETO APROBACION PREGO CASA DISCAPACITADOS.doc

Asunto:

- A memoria do proxecto.
- O programa de traballo, aceptado polo órgano de contratación.
- Os cadros de prezos.
- O documento no que se formalice o contrato.

CUARTA.- PRESUPOSTO BASE DE LICITACION

- a) O contrato ten un valor estimado de: 516.800 euros
- b) O importe correspondente ó IVE (16%) ascende a :82.688 euros.
- c) O presuposto de execución por contrata ten un importe de : 599.488 euros

Faise contar a existencia de crédito suficiente na partida 3230.62211 do vixente orzamento xeral.

O proxecto financiase con cargo ó Fondo Estatal de Inversión Local creado por Real Decreto-Ley 9/2008 de 28 de novembro.

O pagamento das cantidades correspondentes ó presuposto do contrato aboarase nunha soa anualidade correspondente ó ano 2009.

O prezo de licitación terá a consideración de prezo cerrado conforme o establecido no artigo 216.2 LCSP de modo que se manterá invariable e o contratista non terá dereito ó aboamento das modificacións do contrato que sexan necesarios para corrixir deficiencias ou omisións do proxecto. Non serán abonables, polo tanto, importe algun pola alteración de unidades de obras realmente executadas sobre as medidas no proxecto.

Dada a duración do contrato, non procederá a revisión de prezos.

QUINTA. PRAZO DE EXECUCIÓN.

As obras obxecto deste contrato executaranse con suxeición ás cláusulas estipuladas neste prego e conforme ó proxecto técnico aprobado polo Concello e terán un prazo máximo de execución de **OITO MESES** contados a partires do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación de replanteo e deberán concluír antes do día 1 de xaneiro de 2010 (en todo caso deberá cumprirse o disposto no artigo 7.1. do Real Decreto-ley 9/2008 de 28 de novembro)

SEXTA. PROCEDIMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. CAPACIDADE DE LICITAR.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/jlgn

Refª: DECRETO APROBACION PREGO CASA DISCAPACITADOS.doc

Asunto:

O presente contrato adxudicarase polo procedemento aberto, previsto e regulado polos artigos 122 e 141 e seguintes da LCSP. Asimesmo e de conformidade co disposto no artigo 9.1 do Real Decreto Ley 9/2008 aplicarase o **trámite de urxencia** regulado nos artigos 96 e 128 da LCSP.

Están facultados para tomar parte na licitación e contratar con este Excmo. Concello as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estén incursas en prohibición de contratar, e acrediten estar **clasificadas no grupo C, subgrupo 2, categoría c), e Grupo C, subgrupo 4, categoría c).**

Ademais das condicións xerais esixidas pola Lei, a empresa adxudicataria deberá dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

Os empresarios deberán contar, asimesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, de ser o caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constituía o obxecto do contrato.

Poderán así mesmo, presentar proposicións as unións de empresarios que se constituían temporalmente de conformidade co artigo 48 da LCSP. Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación a que fan referencia as cláusulas seguintes, debendo indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriban, a participación de cada un deles e a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato posuirá a plena representación ante a administración e que asumen o compromiso de constituírse en unión temporal de empresas. O citado documento deberá estar firmado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da Unión.

SÉTIMA.- GARANTÍAS.

Os licitadores terán a obriga de presentar o xustificante de constitución dunha garantía provisional, por importe de **15.504 euros**.

O licitador que resulte adxudicatario provisional virá obrigado a constituír unha garantía definitiva dun 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE, no prazo máximo de 10 días hábiles contados dende o seguinte ó da publicación da adxudicación provisional no perfil do contratante e no BOP. De non cumprirse este requisito por causa imputable ó adxudicatario provisional, o Concello

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/jlgn

Refª: DECRETO APROBACION PREGO CASA DISCAPACITADOS.doc

Asunto:

declarará decaída a adxudicación provisional ó seu favor, sendo de aplicación o disposto no artigo 135.4 LCSP.

As garantías poderán prestarse nalguna das formas sinaladas no artigo 84 LCSP, esto é:

- a) En efectivo ou en valores de debeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas na LCSP e normas de desenvolvemento.
- b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento da LCSP, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberán depositarse nos esatablecementos sinalados no artigo 84.1.a) da LCSP.
- c) Mediante contrato de seguro de caución celebrado cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado de seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados no artigo 84. 1. a) da LCSP.

Se a mesma garantía provisional se constituíse en metálico ou valores, será potestativo para o adxudicatario aplicar o seu importe á garantía definitiva ou proceder á nova constitución desta última. Neste suposto deberá ser cancelada a garantía provisional simultaneamente á constitución da garantía definitiva.

OITAVA. ANUNCIO DE LICITACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.

O Concello de Lugo publicará un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello (www.lugo.es)
O prazo de presentación de proposicións será de **trece días naturais** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

NOVENA. PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS.

As empresas presentarán a súa proposición en dous sobres pechados, asinados polo proponente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, nome do licitador, dirección, teléfono e fax, para os efectos de notificacións. Ditos sobres denominaranse coas letras (A), DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA, e (B), OFERTA ECONÓMICA.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/jlgn

Refª: DECRETO APROBACION PREGO CASA DISCAPACITADOS.doc

Asunto:

Os sobres de que consta a proposición presentaranse, durante o prazo sinalado na cláusula oitava, antes sinalada, no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo, en horario de 9 a 14 horas (de luns a venres) ou enviadas por correo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidirá en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día. Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

DÉCIMA.- DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E PROPOSTA ECONÓMICA.

O **sobre denominado (A)**, documentación administrativa, conterá, como mínimo, os seguintes documentos:

- Acreditativos da personalidade do licitador, que poderán ser:

a) DNI do licitador, se se trata de empresario individual, ou escritura de constitución se se trata dunha sociedade, debidamente inscrita no seu correspondente rexistro.

b) Poder bastantado: os que comparezan ou asinen proposicións representando a outra persoa ou entidade presentarán poder debidamente bastantado polo titular da asesoría xurídica do Concello ou por funcionarios do servizo de contratación do Concello habilitados ó efecto. Para isto, presentarase orixinal e fotocopia nas oficinas de contratación do Excmo. Concello de Lugo, cunha anterioridade mínima de dous días hábiles ó remate do prazo de presentación das proposicións, de 9,30 a 14,00 horas, de luns a venres e aboarase a correspondente taxa (9,70 euros aprox). Se a empresa fose persoa xurídica, o poder deberá estar debidamente inscrito no Rexistro Mercantil.

- Certificado de atoparse clasificada a empresa no **grupo C, subgrupo 2, categoría c), e Grupo C, subgrupo 4, categoría c.**

- Declaración responsable do licitador na que se faga constar que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar co Concello de Lugo

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/jlgn

Refª: DECRETO APROBACION PREGO CASA DISCAPACITADOS.doc

Asunto:

previstas no artigo 49 da LCSP e de que se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- e de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen perxuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse, antes da adxudicación definitiva, polo empresario a favor do cal se vaia efectuar esta. Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo económico europeo e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable ante unha autoridade xudicial.

O cumprimento das obrigas tributarias pode substituírse por certificacións expedidas pola Axencia Tributaria segundo se trate de tributos estatais e das obrigas de Seguridade Social mediante certificación expedida pola Tesourería xeral da Seguridade Social.

- Presentación da alta e, no seu caso, do derradeiro recibo do Imposto sobre Actividades Económicas.

- Xustificante de constitución da garantía provisional, a cal consistirá nun 3 por 100 do presuposto do contrato (**15.504 euros**).

Os documentos a que se refire esta cláusula poderán ser orixinais ou presentarse mediante copia autenticada por notario ou pola xefa do negociado de rexistro deste Excmo. Concello.

No caso de que as propostas fosen presentadas por estranxeiros, ademais da anterior documentación, terán que aportar a seguinte:

- Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se sinalan no Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

- Os licitadores de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo ademais de acreditar a súa capacidade para contratar e obrigarse conforme á lexislación do seu estado e a súa solvencia económica, financeira, deberán presentar os seguintes documentos:

- Certificación expedida pola respectiva representación diplomática española na que se faga constar que figuran inscritas no rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/jlgn

Refª: DECRETO APROBACION PREGO CASA DISCAPACITADOS.doc

Asunto:

- Informe de representación diplomática española sobre a condición do estado signatario do acordo sobre contratación pública da organización mundial do comercio ou, no caso contrario, o informe de reciprocidade a que se refire o artigo 23-1º da Lei de contratos das administracións públicas.

- Declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera das cuestións litixiosas que puideran xurdir durante a formalización e execución do contrato.

Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que aportar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán.

O sobre denominado (B), Proposición Económica, conterà o seguinte modelo, debidamente cuberto.

Don, con domicilio en e DNI nº, expedido o, en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en representación de, con DNI ou CIF nº,), fai constar:

a) Que solicita tomar parte no procedemento convocado para a contratación das **OBRAS DE CASA PARA DISCAPACITADOS (FONDO ESTATAL DE INVERSIÓN LOCAL)**

b) Que propón:

- como prezo do contrato a cantidade de 599.488 euros, IVE incluído
 - Unha cantidade destinada a melloras relacionadas co obxecto do contrato de euros IVE incluído.
 - Un prazo de execución de meses/días.
- (As cantidades consignaranse en letra e número)

c) Comprométome a empregar a (indicar número) traballadores con contrato anterior á publicación do Real Decreto-Lei 9/2008 (2 de decembro de 2008) para a realización da referida obra, así como a novos traballadores en situación legal de desemprego de conformidade co artigo 208 da Lei Xeral da Seguridade Social, conforme a tabla que se achega:

PERSONAL CON CONTRATO ANTES 02/12/08			PERSONAL A CONTRATAR			TOTAL
Categoría laboral	Duración contrato laboral *	Dedicación horaria **	Categoría a laboral	Duración contrato laboral *	Dedicación horaria **	

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/jlgn

Refª: DECRETO APROBACION PREGO CASA DISCAPACITADOS.doc

Asunto:

** A duracion do contrato laboral expresa o número de días de alta na seguridade Social dentro do prazo para a execucion da obra.*

*** En dedicación horaria indicase o número de horas diarias que se dedicará exclusivamente á realización da obra de referencia (xornada laboral)*

d) Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares e das condicións técnicas, como licitador e como adxudicatario, no seu caso.

e) Que de resultar adxudicatario comprométome a facilitar, a requerimento do concello, copia dos contratos de traballo do novo persoal, tarxeta de demandante de emprego, copia da vida laboral e demais documentación que sexa precisa.

f) Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

(Lugar, data e sinatura)

O licitador poderá acompañar á súa oferta canta documentación complementaria estime conveniente para a mellor comprensión e xustificación da mesma.

DÉCIMO PRIMEIRA. MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DE PLICAS

De conformidade co previsto no artigo 295 LCSP a Mesa de Contratación estará integrada por:

PRESIDENTE: Sra Concelleira delegada da área de economía e emprego.

VOCAIS:

- O Concelleiro delegado da área de Muller e Benestar Social
- Un Concelleiro de cada un dos grupos políticos que forman a corporación
- Interventor xeral ou funcionario/a que legalmente o substitúa.
- A titular da asesoría xurídica do Concello ou funcionario/a que a substitúa.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/jlgn

Refª: DECRETO APROBACION PREGO CASA DISCAPACITADOS.doc

Asunto:

SECRETARIO: O xefe do servizo de contratación ou funcionario deste servizo que o substitúa.

Poderán asistir, con voz pero sen voto, persoal municipal con cualificación adecuada para asesorar ós membros da Mesa de Contratación sobre aspectos técnicos das ofertas presentadas.

O acto de apertura das ofertas (sobre B) celebrarase ó segundo día natural contado a partir do remate do prazo de presentación de proposicións, procedéndose previamente á apertura e cualificación da documentación administrativa (sobre A). Se dito día coincidise en sábado ou festivo, a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

DÉCIMO SEGUNDA.- CRITERIOS DE ADXUDICACION

Os **criterios de adxudicacion** para a selección da empresa adxudicataria serán os seguintes:

1.- Número de traballadores con contrato anterior á publicación do Real Decreto 9/2008 de 2 de decembro adscritos á obra e novos traballadores en situación legal de desemprego que se compromete a contratar a empresa para a realización da obra (ata 50 puntos)

1.1. Número de traballadores con contrato anterior á publicación do Real Decreto 9/2008 de 2 de decembro adscritos á obra (25 puntos)

Para a valoración deste apartado terase en conta, para cada traballador , a variable de xornada (en número de horas) e a duración do contrato laboral (en número de días). Aplicarase a seguinte fórmula:

Cada posto de traballo (valor 1) multiplicarase polo cociente resultante de dividir o número de horas do contrato entre a xornada completa legal e polo cociente resultante de dividir a duración do contrato laboral (en días) entre a duración prevista para a execución da obra (en días)

Así:

Traballador = 1 x (nº horas xornada/xornada completa) x (duración contrato laboral/duración execución obra) = valor

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/jlgn

Refª: DECRETO APROBACION PREGO CASA DISCAPACITADOS.doc

Asunto:

A suma das cifras resultantes (unha para cada posto de traballo) dará un valor. Ó maior valor que resulte desta fórmula aplicarase a puntuación máxima fixada. Ó menor valor aplicaráselle 0 puntos e o resto valorarase de xeito proporcional.

1.2. Novos traballadores en situación legal de desemprego que se compromete a contratar a empresa para a realización da obra (25 puntos)

Para a valoración deste apartado terase en conta, para cada traballador a contratar, a variable de xornada (en número de horas) e a duración do contrato laboral (en número de días). Aplicarase a seguinte fórmula:

Cada posto de traballo (valor 1) multiplicarase polo cociente resultante de dividir o número de horas do contrato entre a xornada completa legal e polo cociente resultante de dividir a duración do contrato laboral (en días) entre a duración prevista para a execución da obra (en días)

Así:

$$\text{Traballador} = 1 \times (\text{n}^\circ \text{ horas xornada/xornada completa}) \times (\text{duración contrato laboral/duración execución obra}) = \text{valor}$$

A suma das cifras resultantes (unha para cada posto de traballo) dará un valor. Ó maior valor que resulte desta fórmula aplicarase a puntuación máxima fixada. Ó menor valor aplicaráselle 0 puntos e o resto valorarase de xeito proporcional.

2. Garantías adicionais ofertadas polo contratista (Máximo 20 puntos)
Desglosarase este apartado do seguinte xeito:

2.1 Plan de Mantemento do Edificio (Máximo 5 puntos)

Neste apartado o licitador incluíra a descrición das principais revisións e o plan de mantemento do edificio que se compromete a acometer unha vez finalizado o prazo de garantía, definindo con detalle o contido de dito plan:

- período de vixencia
- intensidade (frecuencia e periodicidade) e tipo de actuacións (instalacións, aparatos...)
- número de probas a realizar
- metodoloxía, etc.

Valorarase o conxunto do Plan de Mantemento, tendo en consideración a estruturación do mesmo e o contido dos apartados expostos anteriormente (compromisos firmes de medios e equipos, de intensidade e número de probas a realizar, e outros que puideran propoñer os licitadores que supoñan compromisos concretos que redunden na mellora do mantemento das obras).

O plan de mantemento deberá estar **avaliado economicamente** e xustificado o seu custo ós efectos da súa valoración.

Obterá a máxima puntuación (5 puntos) os plans de mantemento do edificio que teñan maior valor económico, 0 puntos os que non indiquen valor económico algún e o resto de xeito proporcional.

2.2. Rapidez de resposta: Máximo 2 puntos.

Avaliaranse os compromisos concretos de prazos máximos de resposta en caso de avarías ou danos durante o período de garantía, teranse en conta as posibilidades reais de cumprimento dos compromisos de rapidez de resposta; polo que **deberá de presentarse xustificación da rapidez de resposta que se propoña**, para o cal deberá de indicarse como se vai a executar e dos medios a dispor. Establecéndose a puntuación máxima a oferta que de unha maior rapidez de resposta e cero puntos a empresa que oferte unha rapidez de resposta máis lenta. Establecendose así a puntuación do resto das empresas proporcionalmente.

Neste apartado o licitador deberá incluír a descrición das principais revisións que se comprometen a realizar, indicando a súa frecuencia e periodicidade, os equipos e instalacións a ser revisados e o número de probas a realizar, sen que iso supoña custe algún para a administración nin obviar á garantía no resto dos sistemas e materiais que non se describan.

2.3 Incremento do período de garantía (Máximo 13 puntos)

Valorarase o prazo total de garantía que propoña a empresa (incrementando por tanto o prazo de garantía que figura no prego (1 ano)). Obterá a máxima puntuación neste apartado (13 puntos) a proposición da empresa que oferte o maior prazo de garantía, avaliado a partires do indicado no prego. Obterán 0 puntos as proposicións das empresas que non oferten ningún incremento sobre o prazo do prego e as restantes valoraranse de xeito proporcional, considerándose exclusivamente para a avaliación o incremento proposto.

3.- Cantidade económica destinada a melloras relacionadas co obxecto do contrato (ata 10 puntos).

Obterá a máxima puntuación neste apartado (10 puntos) a proposición da empresa que oferte unha maior cantidade económica destinada a melloras directamente relacionadas co obxecto do contrato, a determinar polo Concello. Obterán 0 puntos as proposicións das empresas que non oferten ningunha cantidade económica destinada a melloras e as restantes valoraranse de xeito proporcional.

A cantidade ofertada entenderase que inclúe tódolos impostos indirectos aplicables á execución dos gastos que se afecten segundo as propostas de adicación que se aproben polo órgano de contratación, previa proposta do servizo e de conformidade co contratista adxudicatario, debéndose en todo caso vincularse ou afectarse a contía da mellora ofertada a propostas cuia finalidade sexa garantir o cumprimento do obxecto do contrato e a súa correcta execución, de conformidade coa normativa presupostaria e administrativa vixente.

4. . Importe de execución material destinado ó Control de Calidade (Máximo 9 puntos), especificado do xeito seguinte: Obterá a máxima puntuación neste apartado (9 puntos) a proposición da empresa que oferte unha maior cantidade económica destinada a control de calidade, expresada coma porcentaxe do Orzamento de Execución Material do Contrato. Obterán 0 puntos as proposicións das empresas que non oferten ningunha cantidade económica destinada a Control de Calidade e as restantes valoraranse de xeito proporcional.

5. Equipo Técnico adscrito á obra (Máximo 6 puntos)

Avaliarase a idoneidade do equipo de dirección e coordinación que a empresa licitadora adscriba ó proxecto obxeto de licitación
Titulacións do equipo adscrito á execución do proxecto. (Ata un máximo de 6 puntos).

Arquitecto	Ata 2 punto
Arquitecto Técnico	Ata 2 punto
Enxeñeiro ou enxeñeiro técnico con título de Técnico superior en prevención de riscos laborais.	Ata 2 punto.

No caso de que o arquitecto ou arquitecto técnico teñan o título de técnico superior en pervencion de riscos laborais sumarase 2 puntos máis.

O licitador deberá demostrar a identidade e titulación destes responsables adscritos á execución da obra mediante un compromiso de adscripción á obra, debidamente asinado polo licitador así como polos técnicos que se adscriban á obra durante o proceso de execución, ó que acompañe copia compulsada da titulación correspondiente. **de non presentarse fotocopia da titulación debidamente compulsada e o compromiso debidamente asinado non será tido en conta e por tanto non será obxecto de valoración.**

6. Estudio Técnico das obras (Máximo 3 puntos)

Avaliarase a presentación dun Estudio Técnico das Obras, conformado por unha Memoria Técnica da planificación da orde de execución dos traballos, adaptada á súa singularidade e particularidades. Terase en conta a presentación dun Programa de Construción das Obras que asegure a súa execución no prazo fixado no contrato, obtido a partir dun estudio de Tempos-Actividades e a súa coherencia co prazo de execución da obra.

Valorarase a realización dunha planificación da obra describindo nunha pequena memoria a xustificación da citada planificación, con identificación dos equipos humanos adscritos á obras e vinculados co obxecto do contrato e a consecución dos materiais descritos nos orzamentos dos proxectos obxecto de contrato de obra, debendo xustificar os rendementos medios previstos que garantan o prazo de execución.

Terase en conta a descrición dos recursos humanos da empresa e do incremento dos recursos humanos con novos traballadores en situación legal de desemprego que proceda a contratar garantindo en ambos casos a relación específica entre da totalidade do persoal laboral aportado e a vinculación co tipo de obra descrita como obxecto do contrato (relación directa cos medios humanos descritos no orzamento dos proxectos de obra).

Do mesmo xeito terase en consideración a presentación de melloras ofertadas en relación ó obxecto do contrato que produzan significativas mellorías no desenvolvemento dos traballos, en especial coa súa incidencia no avance das obras de xeito independente ó estado das condicións climáticas

A máxima puntuación (3 puntos) corresponderá ó Estudio Técnico con calificación de MOI BO (entendendo por tal o que estea máis especificado e completo con descrición pormenorizada e completa dos recursos humanos adscritos).O resto de ofertas avaliaranse os mesmos aspectos, acadando a

consideración de boa (máximo 2 puntos), suficiente (máximo 1 puntos), insuficiente ou non presentada ou sen avaliación por non conter ningún dos aspectos sinalados (0 puntos)

7.Plazo de execución das obras (Ata un máximo 2 puntos)

Avaliarase a redución do prazo de execución contido no prego, para o que debe de terse en conta que as obras deberán de estar rematadas o 31 de decembro do 2009. A puntuación mínima (0 puntos) será conquirida por aquelas empresas que non adquiren ningún redución do prazo e a puntuación máxima a que adquira unha maior redución dentro das empresas que se presenten o concurso. O resto das ofertas serán puntuadas proporcionalmente.

DÉCIMO TERCEIRA. ADXUDICACIÓN PROVISIONAL E DEFINITIVA

1.. A adxudicación provisional será efectuada polo órgano competente a proposta da Mesa de Contratación, unha vez obtidos, de ser o caso, os informes técnicos necesarios. Deberá notificarse ós candidatos ou licitadores e publicarse no BOP e no perfil do contratante. En todo caso, a adxudicación provisional dos correspondentes contratos deberá efectuarse nun prazo máximo de 20 días naturais dende aquel en que se soliciten as ofertas.

2.- No prazo de dez días hábiles, conforme o establecido no artigo 96.2.b en relacion co artigo 135.4 da LCSP, contados dende o seguinte a aquel en que se publique a adxudicación provisional no perfil do contratante e no BOP, o adxudicatario deberá presentar a documentación acreditativa de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como o xustificante de constitución da garantía definitiva e o xustificante de aboamento dos gastos de anuncios e do importe dos anuncios e do importe dos impostos, dereitos, taxas, prezos públicos e demais que orixine a licitación e formalización do contrato.

Asimesmo e dentro deste prazo de dez días o adxudicatario provisional deberá achegar copia da oferta de emprego presentada ante os servizos públicos de emprego, preferentemente do concello de Lugo, onde quede reflectido o número de postos a contratar, categoría profesional, período de contratación (duración) e ademais deberá figurar como requisito que os traballadores desempregados que se

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/jlgn

Refª: DECRETO APROBACION PREGO CASA DISCAPACITADOS.doc

Asunto:

solicitan na oferta de emprego a contratar, se atopan en situación legal de desemprego (art. 208 R.D Leg 1/1994)

2. A elevación a definitiva da adxudicación producirase dentro dos cinco días hábiles seguintes a aquel en que expire o prazo sinalado no parágrafo anterior, de conformidade co artigo 9.1.b do Real Decreto-lei 9/2008.

3. O órgano de contratación poderá renunciar á celebración do contrato así como desistir do procedemento de conformidade co establecido no artigo 139 da LCSP.

DÉCIMO CUARTA. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro do prazo de dez días hábiles a contar dende o seguinte ó da notificación da adxudicación definitiva, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

No caso de que o contrato fora adxudicado a unha agrupación de empresas, deberán estas acreditar a constitución da mesma, en escritura pública, dentro do prazo outorgado para a formalización do contrato.

Cando por causas imputables ó contratista non se puidera formalizar o contrato dentro do prazo sinalado, o Concello poderá acordar a resolución do mesmo así como a incautación da garantía provisional que, no seu caso, fora constituída, podéndose adxudicar ó licitador ou licitadores seguintes a aquel, por orde das súas ofertas, contando coa conformidade do novo adxudicatario.

Ó tratarse dun expediente de contratación con trámite de urxencia, o Concello poderá acordar o comezo da execución do contrato aínda que non se formalizara este, sempre que, no seu caso, se constituira a garantía correspondente e se adxudicara definitivamente.

DÉCIMO QUINTA. COMPROBACIÓN DO REPLANTEO

Dentro do prazo que se consigne no contrato, que non poderá ser superior a **quince días** dende a data da súa formalización, salvo casos excepcionais xustificadas, o director das obras procederá, en presenza do contratista, a

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/jlgn

Refª: DECRETO APROBACION PREGO CASA DISCAPACITADOS.doc

Asunto:

efectuar a comprobación do replanteo feito previamente á licitación, estendéndose acta do resultado, que será asinada por ámbalas dúas partes interesadas, remitíndose un exemplar da mesma ó órgano que celebrou o contrato.

DÉCIMO SEXTA. EXECUCIÓN DO CONTRATO.

1. Os traballos executaranse con estricta suxeición ás cláusulas estipuladas neste prego e no prego de prescricións técnicas aprobado polo Concello e conforme as instrucións que, en interpretación técnica deste dera ó contratista o Director facultativo designado polo Concello, o cal terá as facultades sinaladas no artigo 41 da LCSP ademais das propias da dirección facultativa nos contratos de obras (capítulo V do Título II do Libro IV da LCSP).

Cando as instrucións foran de carácter verbal deberán ser ratificadas por escrito, o máis axiña posible, para que sexan vinculantes ás partes.

2. Se durante o desenvolvemento dos traballos se detectase a conveniencia ou necesidade da súa modificación ou a realización de actuacións non contratadas, actuarase na forma prevista nos artigos 194, 195, 202 e 217 da LCSP.

Só se admitirán as modificacións do contrato de carácter técnico que non supoñan incremento dos custos. polo tanto non será posible ningún outro9 modificado sendo a cargo do cotnratista calquera icidencia que se produza durante a execución do contrato agás se deba a unha orde directa e por escrito do concello de Lugo.

3. Os dereitos e obrigacións dimanantes do contrato poderán ser cedidos a un terceiro sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 209 da LCSP e que as calidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da adxudicación do contrato.

4. Faise constar expresamente que a contratación polo adxudicatario da realización parcial do contrato con terceiros estará suxeita ós requisitos establecidos no artigo 210 da LCSP, así como o pagamento a subcontratistas e subministradores deberá axustarse ó disposto no artigo 211 da LCSP.

En todo caso e de conformidade co artigo 9.5 do Real Decreto-Lei 9/2008 de 28 de novembro, os contratistas deberán aboar ós subcontratistas o prezo pactado polas prestacións cuia realizacion lles encomendaran no prazo máximo de trinta días naturais, computado dende a data de aprobación polo contratista principal da factura emitida polo subcontratista ou subministrador.

DÉCIMO SÉTIMA.- CONDICIÓN ESPECIAIS DE EXECUCION

Será condición de execución do contrato a que se refire este prego, de conformidade co disposto no artigo 9.2 do Real Decreto-Lei 9/2008, de 28 de novembro, que o novo persoal que o contratista necesite empregar para a execución das obras se atope en situación legal de desemprego.

A estes efectos e de conformidade coa Disposición Adicional Segunda do Real Decreto-Lei 9/2008, só se computarán os contratos realizados ou por realizar con persoas que se atopen en situación legal de desemprego conforme ó disposto no artigo 208 da Lei Xeral de Seguridade Social.

No prazo de **cinco días** contados a partir da acta de replanteo da obra a empresa contratista deberá informar ó organo de contratación das novas contratacións para o cal achegarán:

- copias dos contratos de traballo de cada traballador (xa contratado e novo)
- copia da alta na Seguridade Social de cada traballador (xa contratado e novo)

Durante a execucion do contrato e cunha periodicidade mensual deberá facilitar ó concello copias dos TC1 e TC2 e á finalización da obra.

Á finalización do contrato e antes da recepción da obra o adxudicatario deberá facilitar ó concello os datos a que se refire o artigo 6.4.a.1. da resolución de 9 de decembro de 2008 do M.A.P. (nome e apelidos dos traballadores, número de documento nacional de identidade ou número de identificación de extranxeiro, copia do contrato de traballo e duración do contrato)

DÉCIMO OITAVA.- PENALIDADES

Impoñeranse penalidades ó contratista cando incurra nalguna das causas previstas a continuación:

a) **Por incumprimento das condicións especiais de execución.** O incumprimento das condicións de execución establecidas neste prego dará lugar á imposición ó contratista das seguintes penalidades:

- Como regra xeral, a súa contía será un 1% do importe de adxudicación do contrato, agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/jlgn

Refª: DECRETO APROBACION PREGO CASA DISCAPACITADOS.doc

Asunto:

incumplimento é grave ou moi grave, en cuio caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumplimento poderá terse en conta para avaliar a gravidade.

- Faranse efectivas mediante deducción das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban aboarse ó contratista, ou sobre a garantía, conforme ó artigo 196.8 da Lei de Contratos do Sector Público.

O cumprimento polo adxudicatario das condicións especiais de execución poderá verificarse polo órgano de contratación en calquera momento durante a execución do contrato e, en todo caso, comprobarase ó tempo da recepción das obras.

En todo caso, o incumplimento será considerada como infracción moi grave ós efectos previstos no artigo 102.2 da Lei de Contratos del Sector Público sempre que o dito incumplimento supoña unha contratación de nova mano de obra que non se atopase en situación de paro superior ó 50 % do total da contratada como nova.

b) Por cumprimento defectuoso. Impoñeranse penalidades por cumprimento defectuoso nos seguintes termos:

- Se, ó tempo da recepción, as obras non se atopan en estado de ser recibidas por causas imputables ó contratista.

- Como regra xeral, a súa contía será un 1% do presuposto do contrato, agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumplimento é grave ou moi grave, en cuio caso poderán acadar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumplimento poderá terse en conta para valorar a gravidade

- En todo caso, a imposición das penalidades non eximirá ó contratista da obriga que legalmente lle incumbe en canto á reparación dos defectos.

c) Por incumprir criterios de adxudicación. Impoñeranse ó contratista penalidades por incumprir os criterios de adxudicación nos seguintes termos

- Se, durante a execución do contrato ou no tempo da súa recepción, se aprecia que, por causas imputables ó contratista, se incumplise algun ou alguns dos compromisos asumidos na súa oferta, en especial os relativos ó volume de man de obra a utilizar na execución del contrato.

- Para considerar que o incumplimento afecta a un criterio de adxudicación será preciso que ó descontarse un 25 por 100 da puntuación obtida polo contratista no criterio de adxudicación incumplido, resultara que a súa oferta non houbera sido a mellor valorada.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/jlgn

Refª: DECRETO APROBACION PREGO CASA DISCAPACITADOS.doc

Asunto:

- Como regra xeral, a súa contía será un 1% do presuposto d contrato, agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuio caso poderán acadar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

d) **Por demora.** Cando o contratista, por causas que lle foran imputables, incurrise en demora, tanto en relación co prazo total como cos prazos parciais establecidos, estarase ó disposto no artigo 196 da Lei de Contratos do Sector Público en canto á imposición destas penalidades.

e) Penalidades especiais.

Se, por algunha das causas sinaladas o Concello deixase de percibir todo ou parte da subvención do Ministerio de Administracións Públicas para esta finalidade, o contratista virá obrigado a indemnizar ó concello de Lugo pola cantidade igual á que este deba reintegrar á Administración Xeral do Estado. Asimesmo se a obra non estivese terminada o contratista virá obrigado a executala ó seu propio custo.

DÉCIMO NOVENA. GASTOS. CARTEL ANUNCIADOR

Os gastos derivados da contratación e da formalización do contrato, (300 euros aproximadamente), serán por conta do contratista adxudicatario.

Encontrarase, así mesmo, obrigado ó pagamento de tódolos xéneros de tributos estatais, locais e autonómicos e a solicitar a concesión das autorizacións e licencias que lle fosen necesarias das administracións ou organismos públicos ou privados, sendo da súa conta as xestións e gastos que se ocasionen.

O contratista adxudicatario queda obrigado a sufragar los custos da elaboración e instalación do cartel anunciador da obra que se realizará conforme ás condicións técnicas e contido establecidas na Resolución de 13 de xaneiro de 2009 da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial . A contía deste gasto ascende aproximadamente a 1.400 euros.

Os carteis deberán ser retirados pola empresa adxudicataria, o formalizar a acta de recepción das obras efectuadas. O incumprimento polo contratista de dita cláusula levará consigo a retirada do cartel por parte do concello sendo ó seu cargo os gastos ocasionados.

VIXÉSIMA. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/jlgn

Refª: DECRETO APROBACION PREGO CASA DISCAPACITADOS.doc

Asunto:

- O contratista estará obrigado a cumprir as disposicións vixentes en materia de protección da industria.

- O contratista está obrigado, igualmente, a cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de Seguridade e Hixiene no traballo.

A Lei 31/95, de prevención de riscos laborais, o R.d. 39/97 que aproba o Regulamento dos servicios de prevención, a normativa concordante e complementaria que a desenvolve e especificamente o R.d. 1627/97, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, obrigan á contrata como empresa a elaborar e conservar a disposición da autoridade laboral, a seguinte documentación:

- Avaliación dos riscos para a seguridade e saúde no traballo e planificación da acción preventiva.
- Medidas de protección e de prevención que se van adoptar e material de protección que deba empregarse.
- Resultado dos controis periódicos das condicións de traballo e da actividade dos traballadores, de acordo co disposto no terceiro parágrafo da alínea 1, do artigo 16 da Lei 31/95.
- Práctica dos controis do estado de saúde dos traballadores previstos no artigo 22 da Lei 31/95 e conclusións obtidas nestes, nos termos recollidos no último parágrafo da alínea 4 do citado artigo.
- Relación dos accidentes de traballo e enfermidades profesionais que lle causaran ó traballador unha incapacidade laboral superior a un día de traballo.

Deberá, ademais do sinalado anteriormente:

- Redactar o Plan de seguridade e saúde, de acordo co R.d. 1627/97, que será aprobado polo coordinador en materia de seguridade e saúde na fase de execución ou pola dirección facultativa, en ausencia deste.
- Manter unha organización de prevención, mediante calquera das modalidades indicadas no R.d. 39/97, contando obrigatoriamente (salvo que concerte cun servicio de prevención alleo, e neste caso sería só recomendable) cun traballador designado cunha formación mínima de 50 horas (nivel básico), (o criterio, no escrito, ata a data de redacción deste texto, é que un traballador con formación de nivel básico non pode facer avaliacións de riscos en

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/jlgn

Refª: DECRETO APROBACION PREGO CASA DISCAPACITADOS.doc

Asunto:

empresas do Anexo I do R.d. 39/97, polo que habería que concertar cun servizo de prevención alleo ou contratar a un técnico de nivel superior ou intermedio), ó que o coordinador en materia de seguridade e saúde na fase de execución da obra ou a dirección facultativa, en ausencia deste, transmitirá por escrito, a través do Libro de ordes, do Libro de incidencias ou, en ausencia deste, de calquera outro medio que acredite de xeito fidedigno a comunicación realizada, toda deficiencia que sexa detectada en materia de seguridade e saúde, aínda cando a responsabilidade directa deste control recaía sobre a organización de prevención da empresa contratista.

- A empresa contratista deberá contar cun plan de emerxencia, de acordo co artigo 20 da Lei 31/95, no que se analizarán as posibles situacións de emerxencia e se adoptarán as medidas necesarias en materia de primeiros auxilios, loita contra incendios e evacuación do persoal ó seu servizo. Para isto designará o persoal encargado de poñer en práctica estas medidas coa formación axeitada, suficiente en número, dispoñendo de material axeitado e comprobando periodicamente o correcto funcionamento das medidas adoptadas. Ademais, o empresario contratista deberá organizar as relacións que sexan necesarias con servizos externos á empresa, en particular en materia de primeiros auxilios, asistencia médica de urxencia, salvamento e loita contra incendios, de xeito que quede garantida a rapidez e eficacia das destas, no suposto en que os medios propios non sexan suficientes.
- ◆ Coordinación de actividades empresariais.
No suposto de realización de actividades mediante subcontratas:
 - O empresario principal deberá vixiar o cumprimento da normativa de Prevención de Riscos Laborais.
 - O empresario principal deberá informar sobre a utilización, manipulación, riscos e medidas de protección e prevención ós contratistas e subcontratistas cando estes operen con maquinaria, equipos, produtos, materias primas ou útiles proporcionados pola empresa principal, pero fóra do seu centro de traballo.
- ◆ Ademais, a empresa contratista, con relación ó artigo 18 da Lei 31/95, deberá redactar unha normativa interna, que distribuirá ós seus traballadores e que conterá as informacións necesarias relacionadas con:

- Os riscos para a seguridade e a saúde dos traballadores no traballo, tanto aquilo que afecta á empresa no seu conxunto como a cada tipo de posto de traballo ou función.
- As medidas e actividades de protección e prevención aplicables ós riscos sinalados no parágrafo anterior.
- As medidas adoptadas de conformidade co disposto no artigo 20 (medidas de emerxencia) da Lei 31/95.

- ◆ Antes do comezo da obra, a empresa contratista achegará a documentación sinalada nos parágrafos anteriores, que será comprobada polo Coordinador en materia de seguridade e saúde na fase de execución da obra ou pola dirección facultativa, en ausencia do Coordinador, o cal emitirá un informe que, posteriormente, por referirse a obras da Administración pública será aprobado polo órgano competente, como nos indica o R.d. 1627/97 no seu artigo 7, alínea 2.

- ◆ De igual xeito, comprobarase a alta dos traballadores no réxime da Seguridade Social e que a empresa está o corrente do pago das cotas, e informarase da posible existencia de traballadores procedentes de empresas de traballo temporal, actualmente prohibidos en obras de construción, ou autónomos.

- ◆ Sinalarase a forma do aboamento das partidas do orzamento do Plan de seguridade e saúde que será incluído expresamente nos pagos que realicen por certificación de obra.

Xúntase anexo ó presente prego para que sexa cuberto pola empresa e enviado ó Concello.

O incumprimento destas obrigas por parte do contratista ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por el non implicará responsabilidade ningunha para a Administración contratante.

VIXÉSIMO PRIMEIRA. RESPONSABILIDADE DO ADXUDICATARIO E OBRIGAS ESPECIAIS

O adxudicatario asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte ó Excmo. Concello de Lugo, axustándose estrictamente ó presente prego, á memoria técnica e demais aspectos contractuais, así como o previsto na LCSP en relación coa subcontratación de calquera tipo de servizos, obras ou actividades propias desta.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/jlgn

Refª: DECRETO APROBACION PREGO CASA DISCAPACITADOS.doc

Asunto:

O persoal propio da empresa adxudicataria non terá vinculación laboral, administrativa nin de calquera outra modalidade co Excmo. Concello de Lugo.

Para os efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o adxudicatario por danos fronte a terceiros, por causa imputable á empresa ou a calquera dos seus elementos adscritos ó contrato, presentarase, previamente á formalización do contrato administrativo, seguro de responsabilidade civil para a cobertura dos riscos que puidesen derivarse da relación contractual co Excmo. Concello de Lugo.

Malia o anterior, o contratista non será responsable dos danos e perdas ocasionados cando sexan consecuencia dunha orde directa da Administración.

VIXÉSIMO SEGUNDA. RECEPCIÓN E PAGAMENTO.

Ó remate das obras subscribirase a oportuna acta de recepción, sendo o período de garantía, como mínimo de UN ANO contado a partires da data da sinalada acta. Non obstante este período será o sinalado polo adxudicatario na súa oferta. Ó tempo da recepción comprobarase en particular o cumprimento polo contratista das seguintes obrigas:

- O despexe final das obras, debendo o contratista restituir á súa situación inicial as zonas afectadas polas obras e non ocupadas por elas.
- O cumprimento non defectuoso do contrato.
- O cumprimento dos criterios de adxudicación.
- O cumprimento das condicións de execución.

Como requisito necesario para a sinatura da acta de recepción o contratista deberá achegar o estado final definitivo das obras realizadas en formato dixital.

O pagamento efectuarase mediante facturas mensuais, unha vez emitidas a correspondentes certificacións polo Director facultativo, e conformada polo Concelleiro de Muller e Benestar Social e maila Concelleira delegada da área de economía e emprego.

Ós efectos sinalados no artigo 201 da LCSP, entenderase cumprida a notificación fehaciente do acordo de cesión relativa á transmisión do dereito de cobro, previa solicitude expresa do interesado, pola toma de razón dos responsables municipais no documento xustificativo do gasto debidamente aprobado polo órgano competente.

VIXÉSIMO TERCEIRA. EXTINCIÓN DO CONTRATO.

Ademais de polo seu cumprimento, o contrato poderá extinguirse polas causas previstas nos artigos 206 e 220 da LCSP, así como polo incumprimento por parte do adxudicatario das obrigas sinaladas nas condicións técnicas deste contrato.

A Administración estará facultada para proceder á resolución do contrato polas causas sinaladas no parágrafo anterior e cos efectos previstos nos artigos 207, 208 e 222 da LCSP.

En particular considerárase causa de resolución do contrato o suposto de incumprimento da condición de execución establecida na cláusula décimo oitava no seu apartado a).

Para os efectos de resolución do contrato incoarase un procedemento contradictorio no que se lle outorgue audiencia ó contratista para os efectos de formulación de alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos.

A N E X O

DATOS:

EMPRESA:			
ENDEREZO:			
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
PERSOA DE CONTACTO:			
TELÉFONO:		FAX.:	

MODALIDADE DE ACTIVIDADE PREVENTIVA

1º <input type="checkbox"/> CONCERTO CON SERVICIO DE PREVENCIÓN ALLEO OU MUTUA	
NOME:	
ENDEREZO:	

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.
MLA/jlgn
Refª: DECRETO APROBACION PREGO CASA DISCAPACITADOS.doc
Asunto:

LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
PERSOA DE CONTACTO:			
TELÉFONO:		FAX:	
ESPECIALIDADES CONTRATADAS:			
PERÍODO DE VIXENCIA DO CONCERTO:			

*** XUNTAR O CERTIFICADO DE QUE REALIZOUSE A AVALIACIÓN E O PLAN DE ACCIÓN ASÍ COMO A INFORMACIÓN E FORMACIÓN DOS TRABALLADORES.**

2º **COMO MEMBRO DO SERVICIO MANCOMUNADO**
* Xuntar a acta de Constitución.

3º **TRABALLADOR DESIGNADO**
Nome e Apelidos:
Cargo:

NOME EMPRESARIO:
D.N.I.:
FIRMA:
DATA:"

SELO DA EMPRESA

TERCEIRO.- Aprobar o gasto de 599.488 euros con cargo á partida 3230.62211 do vixente Orzamento xeral.

QUINTO.- Aprobar a adxudicación por procedemento aberto, de acordo co disposto nos artigos 122, 141 e seguintes da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público.

SEXTO.- Publicar o anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello de Lugo.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/jlgn

Refª: DECRETO APROBACION PREGO CASA DISCAPACITADOS.doc

Asunto:

Cúmprase.